

## EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 6, 7-15

Naquel tempo, díxolles Xesús ós seus discípulos:

– «Cando vos poñades a rezar non sexades lareteiros coma os pagáns. Botan de conta que os van escoitar polo moito falar. Non sexades coma eles, porque voso Pai ben sabe o que precisades xa antes de que llo pidades. Vós, rezade así:

Noso Pai que estás no ceo,  
santificado sexa o teu nome;  
veña o teu Reino,  
fágase a túa vontade  
así na terra coma no ceo.

Dános hoxe o noso pan de cada día.  
E perdoa as nosas débedas  
como tamén nós perdoamos xa ós nosos debedores.  
E non nos sometamos á tentación,  
mais líbranos do Malo.

Porque se vós perdoades ós outros as ofensas que vos fan, tamén voso Pai celestial perdoará as vosas; pero se non perdoades ós outros, voso Pai celestial tampouco non perdoará as vosas ofensas».